



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

galicia



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

Guía para a avaliación da perspectiva sistémica dos proxectos colectivos, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, cofinanciados polo FEMP

CONTIDO:

1. Introducción
2. Obxecto da guía
3. A guía



1. Introducción

A Orde do 31 de decembro de 2016 establece as bases reguladoras xerais da convocatoria para o ano 2017 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables.

Como especifica a Orde, o obxecto dos proxectos de conservación e restauración contemplados na mesma deben ter por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños, incluíndo algunha das seguintes actividades: as destinadas á redución da contaminación física e química, medidas de conservación positivas cuxo obxectivo sexa protexer e conservar a flora e a fauna, incluída a repoboación ou reintrodución de especies autóctonas, actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras que poñan en perigo a conservación destes hábitats e especies, e que se centren en hábitats costeiros de importancia para a reprodución dos organismos mariños.

A orde permite a implantación da medida 1.2.1 do Programa Operativo de España para o FEMP e contribúe ao logro do obxectivo específico (OE1.b) da protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos prevista no artigo 40.1c) e i), do Regulamento (UE) N° 508/2014, dentro da prioridade 1 (fomentar unha pesca sustentable desde un punto de vista ambiental, eficiente no uso dos recursos, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento).

Ademais, como proxectos financiados polo FEMP, as operacións contribuirán ao mantemento e mellora da biodiversidade e dos servizos ecosistémicos e a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños (artigos 9 e 12 do Regulamento delegado (UE) N° 2015/531 da Comisión, do 24 de novembro de 2014).

Por outra arte, os investimentos realizados nos proxectos financiados pola citada orde deben ser considerados non produtivos ao focalizarse na protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas mariños, non xerar un valor para a empresa e non buscar un maior valor na prestación dos servizos. Os proxectos velarán polo desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, evitando o risco de producións excedentarias e de sobreexplotación, e as operacións caracterizaranse polo seu interese e beneficiario colectivo.



Pasa así a ter un maior peso específico a **perspectiva sistémica dos proxectos**, constituída por catro compoñentes: a biodiversidade, o uso do territorio, o cambio climático e a infraestrutura verde. Deste xeito, entre outras, poderán ser incluídos na convocatoria do proxecto as medidas que apliquen os principios da infraestrutura verde que se enuncian na Comunicación da Comisión titulada «Infraestrutura verde-mellora do capital natural de Europa» (COM(2013) 249 final, do 6.5.2013). Do mesmo xeito, non serán obxecto de subvención os labores propios da actividade pesqueira ou marisqueira ordinaria.

2. Obxecto da guía

As actividades de marisqueo en Galicia están sometidas a plans de xestión que perseguen, como obxectivo económico, sustentar a actividade profesional das persoas que o exercen. Ademais, ao tratarse dunha actividade baseada na xestión de recursos naturais e no bo estado do medio natural, precisa dunha extremada calidade ambiental do entorno.

Os plans de xestión son o resultado dun estudo continuado da evolución dos recursos e do hábitat. Moitos dos traballos realizados para a elaboración e desenvolvemento dos plans de xestión achegan información que pode ser encadrada nos descritores e indicadores definidos pola Directiva marco sobre a estratexia mariña (DMEM) como criterios para definir o bo estado ambiental. Así, os plans de xestión incorporan información estandarizada que pode encadrarse nos descritores 1, 2, 3, 6 e 10 da DMEM. Os resultados da información ambiental dos plans de xestión recollida ao longo de toda a costa galega para ser tratada como descritora do estado dos recursos mariños e do medio mariño, confírenlle un gran potencial debido á súa extensión no espazo e á súa continuidade no tempo.

A xestión sostible dos recursos marisqueiros, enmarcase nos plans de xestión, nos que se desenvolven medidas que melloran a protección, conservación e sostenibilidade dos recursos. Ademais da xestión sostible, realízanse actividades complementarias que contribúen á conservación e recuperación de hábitats e da diversidade, para garantir a viabilidade económica, social e ambiental do sector.

Deste xeito, as avaliacións baséanse non só en criterios de produtividade e viabilidade técnica e sostemento das poboacións explotadas, senón tamén en criterios ambientais e na súa perspectiva sistémica. Sen embargo, a avaliación dos proxectos incluídos na Orde do 31 de decembro de 2016, candidatos á financiamento polos fondos FEMP, debe basearse na perspectiva sistémica dos mesmos.

O **obxecto** da presente guía é **orientar á avaliación dos proxectos candidatos** por medio de criterios orientados á análise da perspectiva sistémica dos mesmo. Os proxectos terán unha perspectiva sistémica se melloran a biodiversidade, fomentan o uso axeitado do territorio, contribúen a minorar as causas do cambio climático e se axustan ao concepto de infraestrutura verde (azul no caso de medios acuáticos). Pola súa banda, os proxectos responderán ao concepto de infraestrutura verde na medida en que apliquen a restauración ecolóxica, melloren a conectividade e favorezan ou manteñan os servizos ecosistémicos.

3. A guía

A guía está constituída pola presente memoria xunto cun arquivo de estandarización en formato excel que pretende homoxeneizar o proceso de avaliación dos proxectos. O obxectivo do arquivo de estandarización é unicamente o de servir como guión e soporte á hora de realizar as avaliacións, pero cada persoa avaliadora deberá aplicar os seus propios criterios á vista das particularidades de cada proxecto.

O arquivo de estandarización é un libro excel composto por catro follas:

1. Avaliación técnica
2. Guía de avaliación
3. Aplicacións
4. Formulario3

1.- Avaliación técnica

A folla “Avaliación técnica” contén un formulario que recolle tódolos items a ter en conta durante a avaliación técnica dos proxectos, dende o punto de vista da elexibilidade, avaliación da memoria e a viabilidade técnica. Este formulario constituirá o **informe técnico da viabilidade do proxecto**.

Un dos apartados contemplados fai referencia a avaliación da perspectiva sistémica. Este apartado constitúe o obxecto da guía de avaliación da perspectiva sistémica á que fai referencia este documento.

2.- Guía de avaliación

A folla “Guía de avaliación” constitúe a **guía de avaliación da perspectiva sistémica dos proxectos** e contén o marco conceptual de cada un dos catro compoñentes da

perspectiva sistémica: biodiversidade, uso do territorio, cambio climático e infraestrutura verde.

Na guía inclúense definicións dos diferentes conceptos, así como as variables de cada concepto a ter en conta á hora de avaliar os proxectos dende o punto de vista da perspectiva sistémica. No caso dos servizos ecosistémicos a avaliar, a guía ten en conta a clasificación e relación de servizos ecosistémicos de CICES (Common International Classification of Ecosystem Services; Axencia Ambiental Europa. <http://cices.eu/>) e inclúe unha selección dos servizos que se consideraron máis relacionados co ámbito de aplicación da Orde obxecto de presentación dos proxectos.

Tanto nesta folla como no resto, mantense a relación de tódolos servizos ecosistémicos considerados coa finalidade de contar con formato estándar para tódalas accións independentemente de que algún dos servizos non sexan de aplicación en cada unha das accións a avaliar.

3.- Aplicacións

A folla “Aplicacións” amósase a **aplicación da guía de avaliación** da perspectiva sistémica a **algúns exemplos de accións tipo** dentro dos proxectos. Non se trata dunha revisión exhaustiva senón de amosar exemplos de aplicabilidade da guía ás accións máis comúns que soen conter os proxectos.

Non tódalas accións teñen por que axustarse aos exemplos alí amosados, é máis, os usuarios da guía deben empregar o seu propio criterio para avaliar cada acción ou proxecto.

As accións tipo incluídas son:

1. Remoción de substrato
2. Retirada de substrato
3. Adición de substrato
4. Retirada de especies invasoras
5. Retirada de especies colonizadoras
6. Regulación da densidade de depredadores
7. Repoboación de especies marisqueiras
8. Cartografía de sedimentos e/ou poboacións de especial interese
9. Retirada de residuos antropoxénicos
10. Acondicionamento de estruturas antropoxénicas

Para cada tipo de acción especificase unha relación non exhaustiva de posibles obxectivos que permiten enmarcar a aplicación da guía en cada exemplo. Para cada unha das accións analízanse, a modo de exemplo, os diferentes condicionantes que podería ser empregados á hora de avaliar cada un dos compoñentes da perspectiva

sistémica. As valoracións amosadas en cada exemplo, así como os condicionantes, deben ser considerados unicamente como meros exemplos e non pretenden fixar unha resposta estándar. Cada acción debe ser analizada e o resultado da avaliación deberá ter en conta os condicionantes que en cada caso considere o técnico encargado da avaliación.

4.- Formulario3

A folla “Formulario3” contén un **formulario exclusivo para a avaliación da perspectiva sistémica dos proxectos** igual ao empregado para analizar cada un dos exemplos de accións tipo. Esta folla pode ser replicada para a avaliación de cada acción nos diferentes proxectos a avaliar. O formulario permite especificar a acción a avaliar dentro de cada proxecto. Cada compoñente da perspectiva sistémica pode ser avaliada incluíndo notas, condicionantes ou cambios propostos para mellorar o proxecto.